

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
EOC	Edificación e obra civil	CSEOC01	Proxectos de edificación	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0570	Desenvolvemento de proxectos de edificación residencial	2023/2024	8	210	252

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÁNGEL CAPELÁN FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Neste apartado, procuraremos ter presentes, tanto a materia prima autóctona como a industria de transformación, así como os oficios e profesións relacionados.

No ámbito productivo relacionado coa edificación, na nosa C.A. podemos destacar:

En canto á materia prima: Os materiais pétreos como son o granito, mármore, cuarzo e derivados, e a pizarra. En canto a outras materias primas, a arcilla, caolín e a madeira natural, como materiais de extracción directa e explotación habitual.

Hay que ter en conta as madeiras como son o castaño (*Castanea sativa*), o pino (*Pinus pinaster*, *Pino sylvestris* ou *Pino radiata*) y los eucaliptos (*Eucalyptus globulus*) robles galegos (*Quercus robur*) abedules (*Betula alba*) avellanos (*Pinus pinaster* subsp. atlántica), Ameneiro, Bidueiro e Piñeiro.

É convinte que o alumnado teña coñecemento, tanto das materias primas sinaladas como dos produtos elaborados con elas e ás súas aplicación no ámbito da edificación.

Trátase de introducir ao alumnado no axeitado uso no contexto do proxecto, dándolle as oportunas recomendacións ó respecto.

En resumo:

O alumno deberá describir e usar con facilidade o uso e/ou aplicación dos distintos elaborados. Por exemplo: Usará o granito para o revestimento de fachadas, a pizarra para cubertas e o mármore para acabados interiores principalmente. No que respecta á madeira, tamén cabe utilizar especies como o pino, eucalipto e Piñeiro para a carpintería de armar e o bidueiro e o castiñeiro, para os acabados interiores.

Tamén se lle recomendará o uso combinado, para o desenvolvemento da súa creatividade.

Todos os anteriores son recursos e especialidades encadradas dentro do ámbito productivo da nosa C.A.

En canto ó ámbito productivo propio da planificación e concretamente os proxectos de edificación, se ben está dirixido especialmente á edificación residencial, tampouco se esquecerán outro tipo de construcións con outros usos, como o comercial (reformas) almacenes, galpóns, hospedaxe e comercial en xeral, así como as construcións de madeira.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Procura e análise da información	Documentación urbanística, normativa de obrigado cumprimento...	16	23
2	Propostas de distribución de proxectos de edificación	Determinación da proposta máis axeitada ó cadro de necesidades, cumprindo toda a normativa de obrigado cumprimento	18	10
3	Documentación dun proxecto de edificación residencial plurifamiliar	Memoria e planos urbanísticos, subministros, catálogos de elementos e materiais	62	25
4	Documentación gráfica de proxectos de edificación residencial plurifamiliar en altura	Tipo de estrutura, orientación, accións a ter en conta, distribución das instalacións	96	15
5	Representación de instalacións básicas de proxectos de edificación residencial	Instalacións eléctricas, gas, auga, calefacción, saneamento.	49	12
6	Xestión da documentación de proxectos de edificación residencial	Arquivado, numeración dos planos do proxecto, memorias técnicas, presupostos, pregos de condicións técnicas.	11	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Procura e análise da información	16

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza o desenvolvemento de proxectos de edificación residencial, planificando as actividades, para o que compila a información necesaria.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Determináronse os datos previos referentes ás condicións técnicas, legais e económicas do proxecto que cumpra desenvolver.
CA1.2 Identificouse a zona xeográfica e o emprazamento da construción.
CA1.3 Obtivéronse os datos topográficos do terreo.
CA1.4 Confeccionáronse os planos de situación da obra e de emprazamento.
CA1.5 Ordenáronse os datos hidrolóxicos da zona en relación co terreo.
CA1.6 Obtivéronse os datos xeolóxicos referidos á zona en cuestión.
CA1.7 Seleccionáronse os datos sobre as campañas de recoñecemento do terreo.
CA1.8 Efectuouse un levantamento do perímetro do soar.
CA1.9 Realizouse a toma de datos completa para poder abordar a execución do proxecto.
CA1.10 Establecéronse os plans de traballo e os recursos necesarios adecuándose aos prazos establecidos.

4.1.e) Contidos

Contidos
Gabinetes técnicos: tipos, organización, persoal e recursos.
Tipos de proxectos de edificación residencial.
Planificación de desenvolvemento de proxectos.
Procura e análise da información e da documentación necesarias. Toma de datos: zona xeográfica e emprazamento da construción, datos topográficos e datos sobre o recoñecemento do terreo. Levantamento do perímetro do soar.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Propostas de distribución de proxectos de edificación	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora propostas de distribución xeral de espazos, seleccionando información e normativa para o desenvolvemento de proxectos de edificación residencial, e analizando programas de necesidades.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Seleccionouse a lexislación e a normativa técnica aplicable de índole estatal, autonómica e local, para a elaboración e o desenvolvemento do proxecto.
CA2.2 Identifícaronse os parámetros urbanísticos que van afectar o desenvolvemento do proxecto.
CA2.3 Elaborouse o programa de necesidades relativas a espazos e a superficies, e analizáronse as variables relacionadas.
CA2.4 Xustificouse a solución adoptada canto a espazos e distribucións.
CA2.5 Prevíronse as dotacións necesarias de instalacións, de equipamentos e de seguridade.
CA2.6 Tivéronse en conta factores climáticos, ecolóxicos, de eficiencia enerxética e de aproveitamento de recursos: orientación e asollamento, ventos dominantes, uso de materiais ecolóxicos, aproveitamento das augas pluviais, etc.
CA2.7 Prevíronse as condicións de calidade e os prazos requiridos para o desenvolvemento do proxecto.

4.2.e) Contidos

Contidos
Normativa e recomendacións: obxecto, ámbito de aplicación, estrutura e contidos. Plan Xeral de Ordenación Urbana.
Código técnico da edificación.
Identificación de necesidades.
Tipoloxías de edificación residencial plurifamiliar en altura.
Instalacións básicas.
Locais principais da vivenda.
Factores climáticos.
Estudo e valoración de alternativas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Documentación dun proxecto de edificación residencial plurifamiliar	62

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Redacta a documentación escrita de proxectos de edificación residencial plurifamiliar en altura: memorias, anexos, medicións, orzamentos, pregos de condicións e demais estudos requiridos.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Redactouse a memoria que xustifique a solución adoptada e describa as características construtivas da edificación.
CA3.2 Especificouse na memoria a composición do cadro de superficies, por plantas, útiles e construídas, parciais e totais computables para efectos urbanísticos, e confeccionouse a memoria de estrutura e cimentación.
CA3.3 Elaborouse o documento de control de calidade que especifique os ensaios preceptivos.
CA3.4 Confeccionouse a documentación escrita do estudo ou plan de seguridade e saúde correspondente ao proxecto redactado que se pretenda executar.
CA3.5 Elaborouse o prego de condicións de indole técnica, legal, económica e facultativa.
CA3.6 Obtivéronse as unidades de obra que sirvan de base para a confección do orzamento.
CA3.7 Confeccionáronse as medicións das unidades de obra que compoñen cada capítulo.
CA3.8 Relacionouse a medición de unidades de obra co prezo correspondente.
CA3.9 Confeccionouse o orzamento desagregado por capítulos.

4.3.e) Contidos

Contidos
Datos previos.
Estudo e aplicación da normativa.
Confección da memoria e anexos.
Memoria descritiva.
Memoria construtiva. Sustentación do edificio: sistema estrutural, sistema envolvente e sistema de compartimentación.
Cumprimento do código técnico da edificación: esixencias básicas en seguridade estrutural (SE), de seguridade en caso de incendio (SI), de seguridade de uso (SU), de salubridade (SH), de protección contra o ruído e de aforro de enerxía.
Anexos á memoria: xustificación das condicións urbanísticas, información xeotécnica, cálculo da estrutura, protección contra incendios, instalacións do edificio e eficiencia enerxética.
Pregos de condicións: índoles facultativa, técnica, económica e legal.
Orzamento: medicións, prezos descompostos e orzamento de execución material.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Documentación gráfica de proxectos de edificación residencial plurifamiliar en altura	96

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora a documentación gráfica de proxectos de edificación residencial plurifamiliar en altura, debuxando os planos preceptivos mediante aplicacións informáticas de deseño asistido por computador e de modelaxe de edificios.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Representáronse todos os planos necesarios para definir un proxecto completo de edificación residencial.
CA4.2 Tívoise en conta o grosor da liña ao representar alzados, plantas, seccións, liñas auxiliares, cotas, textos e lendas.
CA4.3 Elixíuse a escala e o estilo de trazado, o formato e a caixa adecuados.
CA4.4 Incorporáronse cotas e lendas nos planos que o requiriran.
CA4.5 Respectáronse os convencionalismos de representación.
CA4.6 Elaboráronse os planos de detalle necesarios.
CA4.7 Seleccionouse a escala adecuada ao detalle.
CA4.8 Representáronse os elementos de detalle definidos (alzados, plantas e seccións).
CA4.9 Dispuxéronse as cotas de acordo coa xeometría do detalle.
CA4.10 Especificáronse cunha lenda os elementos que definen o detalle.
CA4.11 Confeccionouse a documentación gráfica do estudo ou plan de seguridade e saúde.

4.4.e) Contidos

Contidos
Situación e emprazamento.
Acometidas.
Cimentación e saneamento.
Implantación de piares.
Estrutura.
Distribución: cotas, superficies e moblaxe.
Cubertas: seccións e alzados.
Carpintaría interior e exterior.
Sección de fachada.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Representación de instalacións básicas de proxectos de edificación residencial	49

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Representa instalacións básicas de proxectos de edificación residencial, elaborando esquemas e planos mediante aplicacións informáticas de deseño asistido por computador e de modelaxe de edificios.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse os tipos de planos que definen cada instalación.
CA5.2 Elaboráronse esbozos a partir de instalacións reais en edificios.
CA5.3 Identifícanse os elementos da instalación e seleccionáronse os materiais adecuados.
CA5.4 Tivéronse en conta as características da edificación.
CA5.5 Debuxouse o trazado da instalación.
CA5.6 Utilizáronse as escalas e a simboloxía normalizadas.
CA5.7 Representáronse esquemas de principio e de detalle.
CA5.8 Representáronse os elementos adecuados segundo a normativa.
CA5.9 Situáronse e definíronse as acometidas e os cuartos de centralización e/ou distribución de instalacións, en función dos requisitos normativos.

4.5.e) Contidos

Contidos
Instalacións básicas. Fontanaría. Enerxía solar térmica e AQS. Saneamento. Electricidade. Telecomunicacións. Seguridade contra incendios.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión da documentación de proxectos de edificación residencial	11

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Xestión a documentación de proxectos de edificación residencial, reproducindo, arquivando e preparando para a súa distribución memorias, planos, pregos de condicións e orzamentos.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Seleccionouse o formato e o soporte adecuados para a súa reprodución
CA6.2 Ordenouse convenientemente cada documento do proxecto empregando un sistema de codificación axeitado.
CA6.3 Comprobose que o proxecto dispoña de todos os cartafolos requiridos e da documentación completa.
CA6.4 Reproducíuse o proxecto e dispúxose nun cartafol correctamente.
CA6.5 Preparouse unha copia fiel do proxecto disposta en cartafol en soporte dixital.
CA6.6 Utilizouse un sistema de xestión documental.
CA6.7 Valorouse o modo de presentación do proxecto á clientela.
CA6.8 Establecéronse criterios de seguridade e protección dos documentos xerados.

4.6.e) Contidos

Contidos
Sistemas de documentación en proxectos: rexistro e codificación.
Función da xestión documental nun gabinete técnico.
Sistemas de control documental: soporte físico e sistemas informáticos.
Tipos de arquivo físico: cartafolos para documentos, arquivadores, planeiros e arquivadores de soportes informáticos.
Sistemas de arquivo e copia de seguridade informáticos: soportes e sistemas; metodoloxía de xestión de arquivos en sistemas operativos de computador.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para obter os Resultados de Aprendizaxe (RA) en cada Unidade Didáctica (UD) defínense Actividades de ensino e aprendizaxe (A) que permitirán coñecer e avaliar o grao de consecución de obxectivos alcanzados polos alumnos a través dos Instrumentos de Avaliación (IA) propostos nos Criterios de Avaliación (CA).

Para esta modalidade a distancia establécense dúas modalidades para superar o módulo:

1. AVALIACIÓN CONTINUA. Alumnado que poida desenvolver o curso presentándose ás avaliacións parciais:

¿ Serán tres de carácter trimestral: decembro, marzo e xuño.

¿ Se non se supera algunha das partes avaliarase, e cualificará, da parte non superada, en xuño.

¿ Se non se supera ningunha das partes terá unha proba extraordinaria ao final do curso coincidente coa avaliación global de quen non se acollera á avaliación continua.

DESENVOLVEMENTO DA AVALIACIÓN CONTINUA

1.- A parte práctica da materia, desenvolta por curso, terá un peso dun 50% sobre o total da mesma en cada unha das tres avaliacións.

A cualificación das prácticas farase segundo os criterios que estableza o profesor para cada unha delas. Estarán baseados no tipo de traballo a desenvolver.

O valor dacualificación establécese entre 0 e 10 puntos.

O alumnado terá a oportunidade de recuperar todos aqueles traballos que non superen os 3,50 puntos (ver apartado de Recuperación) para tratar de mellorar a devandita nota.

Se non se alcanza ou supera esta puntuación, en ningún dos dous casos (tarefa/recuperación), estes traballos pasarán a computar cero puntos.

Admitiranse entregas posteriores á data proposta polo docente cun prazo de ata dúas semanas. A valoración nestes casos verase minorada (70%) sendo a máxima puntuación alcanzable 7,00 puntos.

En todo caso, as tarefas deberán entregarse, polo menos, 7 días antes da data do correspondente ao exame parcial para ser valoradas e poder computar para nota.

As non entregadas, ou estean fora destes prazos, contarán cero puntos para o cálculo da media ponderada destas prácticas, así como aquelas que non reúnan as condicións de entrega que se determinen.

Cualificarase negativamente a coincidencia de resultados entre dous ou máis alumnos/as, cando se trate de traballos que requiran solucións individuais diferenciadas.

2.- A parte dos exames representará o 50% restante da materia en cada unha das avaliacións. Esta parte poderá ser, a criterio do profesor, unha parte teórica e outra práctica, unicamente teórica ou unicamente práctica, na que sexa necesario aplicar coñecementos teóricos para o seu desenvolvemento.

PRÁCTICAS E EXAME, valoraranse de 0 a 10 puntos tendo en conta que cada parte supón un 50%.

O resultado do módulo será aprobado cando o valor sexa maior ou igual que 5,00 puntos en cada unha delas. Sumaranse ambas as partes para a cualificación final. Esta será un valor numérico SEN DECIMAIS entre 0 e 10 puntos.

Se unha delas non alcanzase dita puntuación mínima de 5,00 puntos, non se sumará coa outra ao estar suspensa. O resultado desa avaliación,

polo tanto, será suspenso e a súa recuperación realizarase en xuño.

A avaliación de xuño, por curso, será positiva cando así o sexan todas as avaliacións, e recuperacións, no seu caso.

A cualificación da avaliación SEMPRE será un valor numérico, sen decimais, entre 0 e 10.

2.- AVALIACIÓN GLOBAL: Alumnado que se presente con toda a materia en xuño

Os alumnos/as que se presenten ao exame de xuño con toda a materia, realizarán un exame valorado entre 0 e 10 puntos. Constará dunha parte teórica (30%) e unha parte práctica (70%) e será necesario alcanzar o 50% respectivamente en cada unha delas (15% e 35%) para aprobar.

Sumaranse ambas as dúas para obter a cualificación da avaliación que será un valor numérico SEN DECIMAIS entre 0 e 10 puntos.

A realización das prácticas non é requisito necesario para os alumnos que non poidan cursar a materia polo sistema de avaliación continua.

As probas poderán ser en formato dixital e/ou escrito utilizando o manexo de software empregado durante o curso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Durante os tres trimestres do curso, haberá tres exames de avaliación e tres áreas de traballos (prácticas) asociados aos contidos de cada un.

1.- Recuperación dos exames:

- En xuño, farase un exame de recuperación das partes trimestrais que estean suspensas.
- En caso de ter todas suspensas, o exame de xuño versará sobre toda a materia do curso, correspondendo coa proba de avaliación final do módulo.

¿

2.- A recuperación destas prácticas consistirá:

- As tarefas propostas, non superadas poderanse recuperar corrixindo os erros e serán valoradas entre 0 e 10 puntos, dentro de cada unha das avaliacións.
- Os alumnos/as que queiran superar a nota alcanzada, principalmente naqueles casos nas que este valor estea por baixo do mínimo (3,5 puntos) realizarán, dentro do prazo fixado polo profesor, as actividades que este determine e SEMPRE con, polo menos, 7 días de antelación á data do exame.
- Se a nota obtida non consegue, de novo, superar o valor mínimo establecido, este pasará a ser cero, sendo esta a puntuación que se sumará para o cálculo da media ponderada das prácticas do trimestre.
- As actividades consistirán en traballos de igual, ou similar natureza, e aqueloutros que o docente estime necesarios, e oportunos, para demostrar os coñecementos non alcanzados inicialmente.

A parte práctica do trimestre considerarase aprobada cando o valor da nota media de todas elas e as súas recuperacións, de habelas, sexa maior ou igual a 5,00 puntos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

No caso de perder o dereito á avaliación continua, o alumnado deberá realizar o exame extraordinario de avaliación final global que se celebrará en xuño.

Non é condición necesaria para presentarse a este exame entregar os traballos desenvolvidos ao longo do curso.

Este exame constará de:

Unha proba teórico e outra práctica ou unha proba teórico-práctica de todo o contido da materia na que se deberá demostrar que se alcanzaron as capacidades do módulo.

Poderá ser en formato escrito e/ou dixital con utilización do software que forme parte do contido curricular.

A nota final obterase sumando a parte teórica e a parte práctica con valores do 30% e 70% respectivamente. Deberán alcanzar, polo menos, o 50% de cada un destes valores (15% e 35%) para aprobar as dúas partes e facer a suma para a correspondente cualificación final que será un valor numérico sen decimais entre 0 e 10 puntos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación, utilizarase a aplicación de "seguimento das programacións" implantado no centro pola consellería de educación, no que se concretarán, tanto o grao de cumprimento da programación, como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do por qué destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma.

Este documento poderá servir de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Nas primeiras xornadas do curso, o docente presentará aos alumnos un cuestionario referente aos contidos do módulo.

Dito cuestionario non será avaliable e só servirá para que o docente teña unha idea dos coñecementos cos que parten os alumnos e ver se no grupo se presenta algún caso que precise atención especial e se o nivel de coñecementos do grupo é semellante entre todos os alumnos ou se hai grandes diferencias de base.

As conclusións obtidas serán compartidas co resto do equipo docente para coordinar a docencia dun xeito máis coherente.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de que se detecte a necesidade de reforzar a aprendizaxe de algún alumno se poderá actuar de diversos xeitos:

- Intentar a descomposición de tarefas complexas en partes máis sinxelas e progresivas ata finalizar o conxunto.
- Intensificar a vixilancia do traballo e darlle instrucións personalizadas no momento que o necesite.
- Fomentar a asistencia ás clases presenciais.
- Outras medidas que poidan xurdir ao longo do curso.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A enseñanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de tódalas etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

De feito, os valores cívicos e éticos (educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, a sexualidade, a educación do consumidor, a educación vial, a educación ambiental e a educación intercultural) intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

- Educación para a convivencia.

Se fomentará o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio.

- Educación para a saúde.

Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.

- Educación para a paz.

Se fomentará a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando criticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

- Educación do consumidor.

Se tratará este tema mediante a análise de temas relacionados co currículo que estean vencellados ao consumo, intentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ó consumo e os mecanismos do mercado.

- Educación non sexista.

Se identificará aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas.

- Educación ambiental.

Se reflexionará sobre problemas medioambientais relacionados co urbanismo, contemplando posibles solucións.

- Educación vial.

Se fomentarán condutas e hábitos de seguridade vial encamiñadas a facer un uso correcto da vía pública, analizando criticamente as mensaxes verbais relacionadas cos automóviles.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos deste módulo soen traballar e asistir ás titorías presenciais cando o tempo dispoñible llo permite. Esta cuestión fai complicada a organización de actividades extraescolares grupais.

Sen embargo se procurara en colaboración do resto do equipo docente do ciclo, sempre que sexa posible, facer visitas a obras en construción; así como a feiras do sector.

10. Outros apartados

10.1) Observacións

Se pretende que o desenvolvemento deste módulo sexa máis práctico que teórico, polo que se proporán tarefas que irán sendo ampliadas ao longo do curso a medida que se vaian incorporando máis contidos da programación.

10.2) Suxestións

O desenvolvemento deste módulo precisa dun mínimo equipo informático (hardware e software) de certa potencia, que está dispoñible nas aulas presenciais do centro.

Aínda así, ao tratarse de educación a distancia, os alumnos traballarán probablemente máis tempo nos seus domicilios cos recursos de que dispoñan.

Os alumnos que por motivos económicos, pessoais ou de calquera tipo, que non dispoñan de equipos informáticos propios (hardware, internet,...) poden atoparse nunha situación desfavorable a respecto dos demais.

Sería desexable logo, sempre que sexa posible, poñer a disposición destes alumnos material informático no centro, fora das horas presenciais para que poidan traballar nas tarefas esixidas polo módulo.